

A NOSA TERRA

BOLETÍN QUINCENAL
ANO VII — NÚMERO 191 — 1.º SETEMBRE 1923

O pesadelo de Marrocos

Hay que rectificar os procedimientos

Non quixéramos falar do desagradable asunto de Marrocos. Nada dixemos cando se tratou d'esixir responsabilidades e nada debéramos dicir tampouco dos desacertos sufridos repetidamente pol-os Gobiernos e pol-os xefes superiores do exército de Africa que ocasionaron tantas vítimas. Ogallá poidéramos considerar todo eso como algo estrano, alleo por compreto á nós; mais lévannos os nosos fillos, os nosos irmans, dia tras dia, en fatos numerosos que as balas enemigas e mais as doenzas van diminuindo, e sentindo as nosas entranas esgazadas pol-a fonda dôr d'un mal que ao paso que imos será eterno e terrible, pois pouco á pouco unhas veces, outras mais intensamente, coma no Barranco do Lobo, coma en Monte Arruit, coma agora en Afratu, vai destruindo toda a nosa mocidade inutilmente, nun sacrificio esteril ao que é mester porlle remedio.

A Patria impón sacrificios, din certos señores que nin fillos teñen. Mais a Patria tamén debe coidar de que nada falte en mantenza, en armamento, en materiaes, en comodidad, aos que espoñen a súa vida por servila. E si a Patria non é unha presa de terra, senon os homes, a historia, o porvir... os que tanto falan da Patria e do honor da Patria, debense preocupar de que trunfe rápida e definitivamente nas empresas en que, por forza ou por comenencia, se meta; pero de ningunha maneira estar ano tras ano empeñados nunha loita ausurda, en que as deficiencias de réxime e de organización van facendo escuar d'unha maneira que estarrece, o sangue e mail-o diñeiro, as enerxías todas do pobo.

Coidábamos que a guerra europea, esa loita cruenta e horrible de soño tráxico, serviría de lección para os nosos gobernantes e para os nosos militares, e agardábamos que adoptando todos aqueles medios e sistemas que fosen utilizables no Rif impoñerían a superioridade de civilización e de organización do Estado hespañol, logrando dominar d'unha maneira decisiva e pronta toda a zona sometida á influencia hespañola. Mais a realidade veu á nos demostrar que o sistema e mais os elementos de combate do noso exército en Africa é tan deficiente e tan rutinario como o foi de cote en total-as loitas hispanas; en todas esas loitas cheas de *gloriosas derrotas* que enchén as páxinas da historia.

E parécenos que o exército non debe ser heroico, senon conscente; nin os xefes valentes e pundonorosos, senon intelixentes. O saber morrer con gloria é un disparate, ou peor aínda, unha parvada. Cando hai que cumprir un compromiso ou facer unha labor proveitosa, débense estudar os medios de acadar o ouxeto e buscar todol-os elementos precisos para chegar ao fin segura e rapidamente co menor

gasto posibre de xente. E si, aínda heroicamente, hase morrer sen lograr o que se pretende, daquela mellor é non ir; é mais sensato, mais cordo, hais humán, o renunciar a aventuras para as que se non teñen medios nin xente coa capacidade suficiente para as dirixir.

Os que compoñen o Goberno, xa que non saben evitar estes fracasos, deben deixar o sitio á outros. A non ser que prefiran que sexa o pobo, farto de sufrir, o que os faga retirarse coa forza da súa unión e do seu dereito; porque xa vai sendo tempo de que o pobo interveña eficazmente nun asunto do que padece tan directamente as fatales consecuencias.

XAVIER FRAGA.

Necesitamos unha gran metrópoli

Dí Jaime Solá na súa "Crónica del vivir gallego" (*Vida Gallega*, número 230), que o pensamento nazonalista—retregado e desintegrador (!)—é o de atraer as actividades rexionaes hacia o agro, pensamento contrario á creación d'unha gran metrópoli.

O Sr. Solá está enganado. Precisamente o nazonalismo galego necesita unha gran urbe que sexa o centro das actividades todas do país. Xa é sabido que as xentes do agro son xeneralmente incultas e rutinarias (e me non refiro escrusivamente aos galegos) e non sinten as arelas idealistas que impulsan ás mocidades das vilas á emprender esta campaña de renovación necesaria para o engrandecimento de Galicia, e pol-o tanto para o de Hespaña, señores hespañolistas, porque non é posibre falar da grandeza d'un Estado constituído por un grupo de rexións diferentes cando cada unha d'estas rexións é pobre, cativa, ruín.

A única rexión onde pol-o de hoxe ten unha gran forza o nazonalismo é Cataluña, e xa é sabido que en Cataluña existe Barcelona, a rival de Madrid en todol-os aspectos, e pol-o tanto odiada á morte pol-os *hespañolistas*, que non poden vere que exista outra cidade mais importante que a Corte da Hespaña (que este é o segredo das campañas anti-separatistas).

Se en Galicia houbera outra gran urbe onde tiveran vida total-as manifestacións artísticas e intelectuaes; onde os cobizosos de gloria, de fachenda ou de diñeiro poideran desenvolver as súas actividades e satisfacer os seus desexos, ninguén deixaría a súa Terra para ir en busca do que aquí coidan non poder atopar, e daquela, estimulado no propio ambiente, o espírito da raza desenrolariase con toda a súa potencia fecunda e creadora producindo a grandeza, riqueza de diñeiro e riqueza de gloria, benestar e satisfacción, para a nosa Terra, en troques de ir levar o froito de seu talento ou das súas actividades á terras alleas, terras es-

tranas que se elevan sobre a nosa, aproveitándose de cerebros e vidas que lle non pertencen senon de prestado.

E o feito de que os nazionalistas galegos fagan algunha propaganda, algunha labor de sementeira, pol-o agro, non quier dicir que traten de disgregar as vilas para as converter en aldeas, que queiran espallar as actividdes vilegas pol-o campo perdendo a forza de cohesión que teñen as vilas, non; os traballos e propaganda dos nazionalistas pol-o agro levan outro camiño, levan o camiño d'espertar nas xentes do campo o espírito de cidadanía, a unión, a integración do labrego na vida das vilas para que as vilas poidan contar coa forza da unión dos labregos en beneficio de todos, xa que todos son cidadáns d'unha mesma nazionalidade.

Pol-o demais, unha grande metrópoli non se fai sómente axunatndo moitas casas e metendo nelas moita xente. A gran metrópoli galega será aquela que sinta o galeguismo, que albergue con agarimo os galegos ilustres e alente aos novos que levan no cerebro o ideal redentor, ou axude aos que laboren por lle legar días gloriosos; que días gloriosos para unha cidade son aqueles en que os seus fillos trunfan nas ciencias ou nas artes.

E non diga, Sr. Solá, dos nazionalistas galegos, o que á vosté lle dé a gana, senón a verdade do que eles din, pensan e queren.

Nin nos combata tan á sangue e fogo, que despois de todo, o *único* que nos diferencia é que vosté pon unha bandeiriña galega pequeniña debaixo da hespañola (1), e nós... nós poñemos sómente unha grande bandeira galega sobre o noso corazón, e se vosté é, en verdade, galego, non pode parecerlle mal que haxa quen ame sobre total-as cousas á Galicia, inda que vosté non teña a valentía de pregoalo así.

LEANDRO CARRÉ.

(1) *Vida Gallega*, número citado.

A "Triple Alianza Nacionalista"

Siguen os xornás nacionalistas de Cataluña e Euskadi falando con entusiasmo da alianza nacionalista catalana-vasco-galega. "Aberri", de Bilbao, e "La Publicitat", de Barcelona, copian o que encol do asunto dixemos nós no derradeiro número. N'el decíamos canto é o noso intrés porque a idea lévese a cabo urxentemente. As "Irmandades da Fala" aderíronse xá de cheo á idea e a "I. N. G." o mesmo. Celebramos fondamente que a patriótica e necesaria alianza atope boa acollida tamén nos demais elementos nacionalistas de Galicia.

As "Irmandades da Fala" veñen tratando de mandar un representante a Barcelona o día 11 do proísimo mes para asistir á xuntanza que alí celebrárase para acordar xá en firme a forma en que hase de facer a xuntanza.

Xusgamos comenente, e confiamos en que así será, que a "I. N. G." mande outro para que d'este xeito as dúas organizaciós nacionalistas de Galicia esteñan representadas.

Agardamos con fonda impacencia o resultado da xuntanza para comenar axiña a labor que aquela señale e que haberá de tragar grandes trunfos e moitos éxitos para a boa marcha do nacionalismo galego.

Encol do arredismo

IV

Imos rematar. Sen afondar moito no asunto e recoillendo nada mais que aquelas cousas mais vulgares pero que para min non teñen volta, fumos tratando de probar como na Hespaña existe un arredamento innegable entre o Estado e o pobo, como Galicia e Cataluña teñen dereito a se sentir arredistas. Imos hoxe a falar de cousas relacionadas co que quedou escrito nos anteriores artigos.

O mesmo que en Galicia e Cataluña existen movementos nacionalistas en Vasconia, Valencia, Aragón, Andalucía e na mesma Castela. Non direi que estos movementos teñan a forza que tén o catalán, pero sí é certo que en todas aquelas nacionalidades hai núcleos fortemente nacionalistas, publícanse revistas de carácter francamente nacionalista e hai homes que profesan un arredismo forte e conscente.

Todos eses movementos atópanse en gran apoxeo e camiñan conquerindo trunfos progresivamente. En todol-os pobos que compoñen o Estado hespañol latexa unha aréla de reivindicación da personalidade das nacionalidades propias. E un movemento que se estende cada vez mais e cúa marcha xá ninguén poderá contér. Os que seguimos paso a paso esos movementos, ollamos como progresivamente vanse desenrolando e avanzando sempre. O nacionalismo é unha nova forza política, para min de mais fonda idealidade que ningunha outra, que traxerá grandes progresos e na que radica, ao meu ver, a salvación da Hespaña, admitindo a denominación actual. Tiñamos quedado en que os movementos nacionalistas van directamente contra a organización actual do Estado.

Está probado e ben probado, que Hespaña tal como hoxe está organizada camiña a galope cara unha disolución definitiva. Non val negal-o porque é certo. As nacionalidades que a compoñen, decatadas d'ese feito cúa realización ven vir axiña, erguéronse en pé, con mais ou menos forza, dispostas a conquerir salvarse da desfeita que se aproxima. Ademais das razóns naturás unha d'elas é esa. Por eso os nacionalistas preocupámonos sómente de reconstruir as nosas terras propias. Cataluña, que é onde mais forza tén o nacionalismo, xá ergueu a súa voz e nada conqueriu. Por eso cada vez encérrase mais nos seus lindeiros e traballa cada día con mais intensidade. As demais nacionalidades pasaralles o mesmo, porque non ha de ser o Estado hespañol senón elas mesmas quen resolva o seu propio problema.

Entre os nacionalistas de cada pobo existe unha forte comunidade de pensamento e todos axúdanse entre sí para abranguer o trunfo do ideal que nos axunta. Proba esto que o noso arredismo non vai contra os pobos senón contra o Estado que sosteñen os antinacionalistas e os que viven á súa conta.

Vense falando moito de salvar a Hespaña e que é preciso facer unha cruzada n-ese senso. Mais pol-o d'agora non ollamos ainda ningún movemento que tenda a eso agás o nacionalismo. Non hai hoxe ningún partido político que

esteña inspirado n'aquel pensamento e se algún xurde terá de ser necesariamente a base do recoñecemento das nacionalidades e vindo disposto a resolver o seu problema. De non ser así fracasará irremisiblemente. Hespaña non é máis que un conxunto de pobos diferentes con personalidade propia. Eu coído que xá non é necesario o novo partido, pois o nacionalista é o indicado. Non fai falla máis que extendel-o e que veñan a él os que de boa fé queiran a salvación de Hespaña. Eu penso que esa é a solución. Cada ún a traballar pol-a súa Terra, tratando sempre, como facemos os nacionalistas, de a facer o máis grande que poidan.

Co réxime actual xá está probado que non se pode facer nada e que ademais os homes que o sosteñen son enemigos a morte das aspiracións nacionalistas ou rexionás. A medida que o nacionalismo vaise extendendo arrédase cada vez máis do réxime oficial porque necesariamente tén de o facer así. Este é o único arredismo que latexa no movemento nacionalista.

En troques os nacionalistas de todol-os pobos xuntámonos cada vez máis. Cada día é máis estreita a nosa unión. E cando cada pobo ibérico pense en nacionalista e o nacionalismo leve a voz en todos, entón teremos resolto o problema porque o réxime actual terá desaparecido e cada unha das partes terase reconstruído e feito grande e libre. Despois cada ún pensará pol-a súa conta e resolverá dentro da súa casa os seus problemas, sin que ningún pidalle contas nin pretenda exercer ningunha crás de hexe honña. Entón será chegado o momento de pensar na unión, pero on unha unión como a de hoxe, senón algo máis grande e máis xeneroso onde todos serán libres e donos de facer o que máis conveña ás súas necesidás. Eu penso que ningún se negará a elo porque a convivencia de tantos anos, aínda sendo como foi, algo deixou, porque todos xuntos atoparíanse millor, xá que todos terían liberdade de acción, e finalmente porque entre os mesmos pobos non hai odio ningún e si algún hai é foito da situación actual que despois tería desaparecido.

Chegado aquel momento poderíamos ter a Portugal á nosa beira e pensade un momento no que é a Hespaña de hoxe e no que sería a Iberia de entón.

Pero namentras aquél momento non chegue e as cousas sigan como hasta hoxe, necesariamente temos que ser arredistas. Forzosamente, porque no arredismo, que para algúns é desunión e para min acercamento e irmandade, está a salvación de todos e do conxunto. Por eso eu penso que cada día temos que sentirnos máis fortemente arredistas porque ese arredismo trágura para todos unha n va vida máis florecente e de máis liberdade. E por agora nada máis.

VICTOR CASAS.

Sombrerería LEMUS

San Andrés, 74

A Cruña

ESCOLAS DO INSINO GALEGO

Pol-o ben de Galicia

Despois de lidas as Bases d'as "Escolas do Insino Galego", que se publicaron no derradeiro número de A NOSA TERRA, temol-a seguranza de que non haberá ningún galego que non se teña decatado d'a enorme importancia que ten ista nova labor que se impuxo a Irmandade da Fala na Cruña.

Pero nós, que arelamos fondamente o que iste proieito sexa levado á práctica, queremos facer resaltar unha das moitas ventaxas que lle reportará ao galeguismo, despois do de instruir os nosos rapaciños.

As listas dos socios proteitores d'istas "Escolas" serán o vértice onde converxan todol-os galegos que desexan sinceramente o benestar da Patria. O mesmo os que loitan á peito descuberto nas diferentes institucións que representan á nova Galicia; que aqueloutros que, a pesar de sentir o fogo sagrado do amor a Terra, inda veña actuando dentro dos antigos moldes atados á eles pol-a forza d'os *intereses creados* e pol-a falla de decisión.

D'ista coincidencia n'unha mesma asociación xurdirán o respecto e a compenetración necesarias entre todol-os amantes da Terra, acabando d'unha vez para sempre con todol-os receios e con total-as intransixencias de que moitos veñen facendo alarde en xustificación, da súa inactividade ou da postura que contra o seu pensar adoutaron.

A odesaparescer istas divisións fortificaránse as filas galeguistas, matando así o virus do *divide e vencerás*, que parece haber sido inoculado no noso movemento pol-os enemigos da redenzón de Galicia, que son os únicos que se beneficiaron e se beneficiarán si seguimos por tan trabucado camiño, namentras perxudicamos o Sagro Ideal que n-un comenzo axuntounos.

Porque temos en conta o ben que se lle fai á Galicia con ista Grande Obra, cuos cimentos xa están postos, non dúbidos que o que deixamos apuntado máis arriba será axiña unha leda realidade; pois non queremos creer que haxa ningún galego que se expoña, cando vexa un nenño nado en Galicia que non seipa lér, á ter que acusarse ante a súa conciencia de tello condenado á morte espiritual, por non imporse o sacrificio de contribuir ao sostenimento das "Escolas do Insino Galego". Nin ningún loitador que por un mal entendido amor propio siga retrasando o día da liberación de Galicia.

ANXEL CASAL.

TEÁTRO GALEGO

Certame Literario

A Irmandade da Fala na Cruña, que tanto leva traballado xa pol-o rexurdimento do noso idioma en todol-os aspectos, e desexando poñer todol-os medios para que o seu cultivo e purificación se intensifique máis e máis, acordou abrir un concurso de obras dramáticas ofrecendo un premio de 250 pesetas, non por creer que sexa este premio suficiente para retribuír unha boa obra, senon porque sendo

os nosos medios reducidos e estimando necesario compensar ou estimular un pouco aos escritores galegos chegamos hasta onde a nosa situación económica nol-o permite, agardando que a nosa boa intención será secundada pol-o patriotismo dos literatos rexionaes.

Ben conosciada é a labor e importancia da nosa "Escola Dramática Galega" e a facela mais importante ainda tende o noso certamen de agora, que faremos anual, para que ao mesmo tempo que actores vaian aparecendo autores hasta que poidamos contar c'un teatro grande e forte en todol-os aspectos.

E xa que de teatro falamos, facemos un chamamento á editorial Céltega para que pubrique a traxedia "O Mariscal", de Cabanillas e Ponte, que sendo pol-o d'agora imposible dar a coñecer nas taboas, débese pol-o menos facer coñecida como obra literaria, que o seu mérito ben o merece. Tamén coidamos comenente poñer á venda a fermosa e delicada comedia "A man de Santiña", que estando imprentada, non sabemos por qué non se atopa en ningunha librería, e coidamos habíase vender moito, así como unha nova edición de "Trebón" e a impresión de "O pecado alleo", que tanto gustou.

E agora, temol-a esperanza de que os escritores galegos concurrirán á este certame en gran número e con obras de calidade como os tempos o esixen.

O certame farase coas seguintes Bases:

- 1.^a As obras deben ser inéditas e escritas en galego. O asunto e número de actos de libre elección.
- 2.^a Deberán estar escritas con caridade, sendo posíble á máquina, e enviaranse ao señor segredario da Irmandade da Fala, Praza de Maria Pita, 17, a Cruña, sen firma, pero con un lema que figurará nun sobre pechado dentro do que irá o nome do autor.
- 3.^a A obra que a xurido do Xurado o mereza, será premiada con 250 pesetas.
- 4.^a A obra premiada, así como as demais que aínda non sendo premiadas poidan ser representadas, serán estrenadas pol-a "Escola Dramática Galega" que patrocina a Irmandade da Fala.
- 5.^a O Xurado estará constituído por dous señores académicos da Galega, de reconocida competencia na literatura rexional, o director da "Escola Dramática Galega" e o director de A NOSA TERRA.
- 6.^a O prazo de admissão quedará pechado improrrogablemente o día 30 de Novembro próximo.

Follas do meu diario

Unha "gavilla" de labregos tornaba das terras irtas de Castela. Nas suas facianas requeimadas pol-o sol, leíanse as crueldades d'outros climas. Baixaron do tren; e un d'eles ao sentir a frescura das árbores da sua terra, tivo cobizas de dar repouso ao seu corpo esmorecido. No colo da Nai Terra deitouse e durmiu. Cando despertou, mans infames habíannlle roubado o produto do seu traballo.

O labrego choraba...

As bágoas corrían pol-as suas meixelas enmoirecidas, e os saloucos estremecían o seu corpo forte e baril.

¿Non comprendedes a fonda traxedia d'aquel home?

Tiña fillos, moitos fillos...

Os trabucos, os impostos, a fauce, fixeran que n'un xesto de desesperación e rebeldía, empuñando a fouce, fora a outras terras a ganar, aínda a costa da sua saúde e da sua vida, o pan pr'os seus.

E alá, baixo o sol inclemente da Castela curvou as costas e regou a terra seca e ingrata c'o suor da sua frente.

Esligado pol-a sede, traballou febrilmente...

Cada golpe de fouce era un anaco mais de pan pr'os seus fillos.

O labrego choraba...

E limpaba as bágoas coas suas callosas mans.

Mans ennobrecidas pol-o traballo que os homes poden estreitar con honor.

Outras mans, envilecidas e cobardes, roubáronlle aqueles cartos, que eran traballo, que eran tranquilidade, que eran pan.

Mans que a Xusticia verdadeira debiera mostrar, cravadas n'un pau, na encrucillada d'uns camiños, para exemplaridade i-escarmente.

Mans envilecidas e cobardes...

F. ABELAIRA.

Nicomedes Pastor Díaz

O próximo día 15 de Setembro de este ano, 112 aniversario do nacemento do ilustre vivariense Nicomedes Pastor Díaz, os restos mortales de tan escrarecido fillo de Galicia, chegarán para descansar por sempre baixo do ceo da sua patria e no colo agarimoso d'esta meiga Terra galega.

De ese xeito, Viveiro, que se honra coa estatua, se honrará moito mais gardando as cinzas do seu fillo ilustre.

Inda que tarde, Pastor Díaz é mais afortunado que o patriarca Añón. Ambos a dous móstrannos os ardentes desexos de repousar para sempre no chan nativo. Añón, nos seus enxebres versos; Pastor Díaz, n-unha das suas mais sentidas poemas, cando exclama:

*Llévame de mi Landro a los vergeles
Y allí muerte piadosa
Bajo los mismos sauces y laureles
Do mi cuna rodó, mi tumba posa.*

De a "Sacramental de San José y San Lorenzo" da vila de Madride, onde xacen dende o día 22 de Marzo de 1863 no que a morte arrebatou para sempre esta gloria galega, mans cariñosas nos devolven os amados desposos de quen tanto soñaba co'a sua terra, e de quen, exemplo admirabile nos que moitos deberan inspirarse, xa de ben neno nin tempo nin ausencia poideron borrar do seu corazón o santo amor a Galicia, pois Pastor Díaz foi sempre un ben galego, tanto pol-o sangue como pol-o sentimento.

A política tivo cáseque mais forza no seu ánimo que a literatura; pero unha non fixo esquencel-a outra, e no seu "Discurso" do "Liceo da Cruña", en 1846, probou que conservaba á cotío un culto idolátrico pol-as bellas letras, o que o fixo o mais melodioso e o lírico mais grande dos poetas castelans de todo o século XIX.

Pastor Díaz foi, como dixemos, un verdadeiro enamorado da sua terra. Praciálle descansar n-ela e recorrer aque-

les sitios e paraxes que lle falaban da súa xuventude e acordaban no seu ánimo doces memorias.

A morte habíalle de privar de volver ao amado terriño para dormir n-él o sono derradeiro, á carón dos seus e n-aqueles meigos lugares que tanto quixo e donde forxou as súas ilusiós primeiras ao recorrel-as pintorescas beiras do poético Landro.

Ao fin realizouse o máis vehemente desexo do gran galego. N-ese día—15 de Setembre de 1923—grato e tristeiro a opar para a nosa terra, a sombra do poeta, liberta xa de saudade, sentirá a moor das alegrías ao ver que, entre a devoción de todol-os galegos, os seus restos veñen para seren recollidos no chan nativo.

Pastor Díaz ten de bendicir dende os ceos esta proba de amor dos seus que deron cumprido efecto aos máis caras afeccións da súa alma mentramentes morou no mundo.

E. C. A.

Poetas da Terra

OS LOBOS

—Oh tú pretucio engoumado,
por qué salouzas, meu vello?

—Unha manada de lobos
montesíos e famentos
ten tristes e espantados
aos labregos do concello.
Cando de noite, oubeando
baixan da serra pr'a os eidos,
nas leiras semeán-o estrago,
nas almas semeán o medo.

—E qué fai a mocidade?

Dói-se do seu e do alleo,
e atenta a o ben dos veciños,
sahirá mañán de cero
de montería pr'a serra,
e en da mocidade espero
que se porte cal de cote,
e amostre cal son de rexos
os seus peitos, e de moles
os seus nobres sentimentos
Oh quen poidera axudal-os!

Mais...xa vou vello!

—Oh tu pretucio engoumado,
por qué salouzas, meu vello?

—Marchou-me o fillo meirande
que era o meu único achego;
por luitador e garrido
tivo que deixal-os eidos.
Hai un lobicán na aldea,
de ruis e mouros feitos,
cursario no ladroizo,
lobo cal ningún famento,
coutadore das concencias,
cadea do pensamento,
ena que enriba de nosco
debiu de paril-o inferno.
E as feras nunca perdoan
ao que, valente e ergueito,
lle fala ás almas dormentes
de Libertade e Dereitos.

—E que fai a mocidade?

—Vai de baile no turreiro!
A paus os eivara a todos;

mais...xa vou vello!

VICTORIANO TAIBO

En poucas verbas

Na Cruña hai un xornal que se chama defensor dos agrarios. O dito xornal atópase desconsoladísimo porque este ano non houbo corridas de touros na Cruña.

Como se verá, o seu "agrarismo" é "flamenquista".

Pois ben. Como nós sempre nos atopamos dispostos a salvar a calquer amigo d'unha situación apurada, non tems incomenente en organizar, d'acordo co querido colega, unha gran corrida. O gando podería ser de Chantada ou de Bergantiños, e como matadores coidamos que ninguén o podería facer millor que un exsubsecretario e un excónsul de todos moi conocidos. Como picadores poderían ir un acreditado procurador e un distinto home de negocios conocidísimo tamén e de mozo d'estoques un exalcalde. Todos moi "agrarios" e todos moi "chulos".

¿Compre a idea, colega? Pois man ao choyo, que o espectáculo non pode ser máis "moral".

* * *

"Galicia", de Vigo, do día 22, da conta d'un caso sucedido na campaña de Marrocos. Dí que un grupo de soldados galegos entraron cantando "alalás" e canciós galegas aos acordes d'unha gaita n'unha posición onde había outros soldados naturás das rexións do centro de Hespaña e que os nosos paisanos foron recibidos hostilmente pol-os hespañoles. Entabrouse unha batala entre eles, na que se repartiron algúns golpes.

Dí finalmente, e esto é o interesante, que os indixenas d'un tabor de Regulares que presenciaban a loita mediaron n'ela a favor dos galegos, dándolles o trunfo.

¿Qué vos parece, paisaniños inflados de hespañolismo e de espírito patriótico (¡paso!)? Tomade nota da lección, que abofé senón é de proveito.

¿Cando nós decimos que antes que hespañoles calquer cousa!

* * *

En Chantada haivos un señor que se chama D. José Costa Figueiras (millor diríamos, Pepito Cuesta Higueiras), que publicou un artigo n'un semanario da súa propiedade que titula "El Regionalista" (¡que le recontra!), no que dí, entre outras parvadas, que a Galicia que pinta Castelao é unha Galicia falsa e creada por él.

¡Vaia, home! ¡Craro, como ti non conoces mais que a Galicia cursi e ridícula onde vives! Non, amiguíño, non. A Galicia de Castelao é unha Galicia real e viva onde vivimos moitos e que vai facendo desaparecer a esa Galicia imbécil e anticuada onde ti vexetas porque sabes que o teu esprito servil e adulón non atopa acollida na nova Galicia de Castelao e de moitos mais. A verdadeira Galicia.

¡Vaites, vaites con el Sr. Cuesta! ¡Pero, home, que sempre has d'estar na "higuera".

* * *

Estes días atrás anunciouse moito a película "Melitona", á base da vida d'un toureiro, que, según os carteles, é a mais "españolista" de cantas similares andan pol-o mundo adiante.

Con este xa son millenta os films taurómacos que siguen fomentando a propaganda da Hespaña de pandeira.

E nada tén de estrano que no estranxeiro nos traten como nos tratan á propósito d'eso. Realmente as chulas e os toureiros son o único que se coñece de Hespaña por alí fora.

Disgraciadamente por acó adentro coñecemos algo máis: coñecemos a interminable e funesta guerra de Marrocos.

* * *

Pedreira, o profesor de Xeografía da Normal de Ourense, como firma de cote para que seipamos todos que é un chico listo, e que sempre está dicindo parvadas combatendo (¿?) o nazionalismo e aos galeguistas, e hastra falando mal de Galicia (véxanse os seus artigos de "El Fomento Industrial", de Madrid), sentiuse galego visitando o Sanatorio Marítimo de Oza, na Cruña, e di que o tal Sanatorio é o máis galego e galeguizante de Galicia.

Pois, daquela haberá que lle partir unha perna para que poida pasar unha tempada no Sanatorio. ¡A ver se é posible que se galeguice un pouco!

As ESCOLAS D'O INSINO GALEGO son os cimentos d'a Galicia d'o porvir.

*A MISERIA E FILLA DA INORANCIA,
O QUE DA INSINO, DA PAN.*

Papel de fumar

NOROESTE

CAMILO DIAZ BALIÑO

Huertas, 37

Lea vostede o próximo número de

A NOSA TERRA

Santiago de Compostela


TALLERES DE PINTURA DECORATIVA

Decoracións pra Teatro en papel especial e tela con dúas ou máis transformacións -- Especialidade en asuntos e paisaxes gallegos -- Decoracións pra Teatros pequenos e salóns familiares --

Pantallas especiais pra Cine -- Construcción de Carrozas e Arcadas para festas

Traballos de propaganda -- Restauración e decoración d'Altars e imáxines

Construcción de Monumentos de Semana Santa -- Paneaus decorativos e decorado de Salóns en todos estilos, ao óleo y ao temple -- Imitación de tapices con asuntos de pinturas antigas e modernas :- PREZOS ECONOMICOS



Edificio do «Kiosco Alfonso» - Paseo de Méndez Núñez

LECTURAS

Terra.—Bos Aires.

Na capital da República Arxentina comenzo a se publicar unha notable revista que leva o nome que encabeza estas liñas. E orgo da I. N. G. na América do Sul.

O primeiro número, que recibimos, ven moi interesante e publica traballos de Risco, Blanco Amos, Noriega Varela, Castela, Montes, Quintanilla, Taibo, Coimbra, Cabanillas e dibuxos de Lamas, Mazas e Cebreiro.

Co desexo de que conquirira longa vida, saudamos a "Terra", que ven a nos axudar no espallamento das doutrinas nacionalistas entre os galegos das Américas. ¡Adiante con entusiasmo!

Hamburgo e Por Alemania.

Temos recibido dous libros luxosamente imprentados que agarimosamente enviounos o Sr. Enrique Fraga, representante na Cruña das Compañías Hamburguesas de Navegación.

Agradecemos moito ao Sr. Fraga o seu envío.

¡AXUDENOS VOSTEDE! Co-a súa cuota pode quitar d'a inorancia a un neno galego.

COTIZAR para as ESCOLAS D'O INSINO GALEGO é traballar pol-a redención de Galicia.

Kiosco Alfonso

Situado no centro do paseo de Méndez Núñez
E o preferido do público. O mellor local de verano

Gran Restaurant

NO PISO ALTO

Fermoso Salón-Comedor

Luxosa instalación

Servicio esmerado

Cuberto: 4'50 pesetas

NOVELTY

Planchadeiro de moda - Grandes talleres

DE LAVADO E PRANCHADO DE ROUPA NOVA E DE USO

Despachos centrás: A CRUÑA, Cantón Pequeno 12
VIGO, Praza da Constitución, 12

Sucursás na Cruña: Estreita de San Andrés, 12
Praza de Azcárraga, 4-San Agustín, 22

Sucursal en Vigo: Circo núm. 5

Todal-as nosas sucursás ostentan un letreiro como sinal, que, reproducen a marca de garantía xa conecida.

Recíbense encargos de fora, e espídense por meio das nosas sucursás. Si no lugar onde vostede reside non-a hai, sírvase manifestarnos seus desexos de mandar os seus encargos.

Os viños e coñás milliores os que exporta a casa PEDRO DOMEQ de **Xerez da Fronteira**, fundada en 1734. A casa máis antiga de Xerez.

O vermouth máis selecto de mundial e reconocida sona é o **Cinzano** (Torino).

Para viños de mesa non hai outros com'os dos cosecheiros exportadores señores

R. López de Heredia (Haro)

Casa Central: PLAZA DA EQUITATIVA-MADRID

Representante excrusivo (matriculado) de todas estas marcas:

JOSÉ C. JUNCOSA

Galera 39 e 41 - 2.º piso-A Cruña

BANCO HISPANO-AMERICANO

MADRID

Capital: 100 millós de ptas.

Direición telegráfica: HISPAMER

SUCURSAES E AXENCIAS

Albacete, Alcoy, Alicante, Antequera, Badajoz, Barcelona, Bilbao, Cádiz, Calatayud, Cartagena, Cruña, Cabra, Cáceres, Castellón, Ejea de los Caballeros, Figueras, Granada, Gerona, Huelva, Huesca, Játiva, Jaén, Jerez de la Frontera, Logroño, Las Palmas, Lérida, Lorca, Málaga, Murcia, Olot, Palma de Mallorca, Pamplona, Ronda, Sevilla, Soria, Tanesa, Tudela, Valdepeñas, Valencia, Valladolid, Villafranca del Panadés e Zaragoza

Compra e venda de valores hespañoes e extranxeiros. — Custodia de alhaxas e valores. — Desconto e cobro de cupós, títulos amortizados e billetes de Lotería.

Troque, compra e venda de billetes e moedas extranxeiras. — Cartas de creto, e xiro sobre todo-os países. — Cobro e desconto de letras. — Préstamos e contas de creto sobre valores nacionaes e estranxeiros. — Contas correntes en pesetas nas que abona intreses aos tipos seguintes;

2	por	100	ao ano nas cartas disponibles,	â.	vista.
2 1/2	por	100	id.	id.	a 3 meses data,
2 3/4	por	100	id.	id.	a 6 id.
3	por	100	id.	id.	a 1 id.

Tamén abre contas en moeda extranxeira abonando intreses a tipos convencionaes.

Banco Español del Río de la Plata

Sucursal na Cruña - Casa matriz: BÓS AIRES

FUNDADO EN 1886

Capital. Pesos 100.000.000'00 m/ ou sexa Ptas. ouro 220.000.000'00

Fondo de reserva (neruida prima a recibir) Pesos 50.055.224'97 m/ ou sexa Ptas. ouro 110.121.797'93

Ten sucursâes nos puntos seguintes:

REPÚBLICA ARXENTINA: (Casa matriz, Bos Aires), ROSARIO DE SANTE FÉ, BAHÍA BLANCA e principais prazas da República

NO URUGUAY: MONTEVIDEO — NO BRASIL: RIO XANEIRO

EN EUROPA: MADRID, BARCELONA, VALENCIA, VIGO, BILBAO, A CRUÑA, SEVILLA, PARÍS, LONDRES, XÉNOVA E HAMBURGO

A Sucursal da Cruña encárgase de efectuar por conta dos seus clientes toda crás de operacións bancarias nas condicións máis favorabeis e acretará intreses nas contas correntes, tanto en pesetas como en moedas estranxeiras a tipos excepcionalmente ventaxosos

En conta corrente, intrés anual	2	por	100
En Caixa de Aforros, con libreta hasta 1.000 ptas.,	3	»	»
En prazo fixo de tres meses	3	»	»
Idem id. 6 meses	3 1/2	»	»
Idem id. un ano.	4	»	»
A máis prazo			convencional

Direición telegráfica y telefónica: SPAINBANK.

Vida Marítima e Comercial



Compañía Naviera "Stinnes"

(Hugo Stinnes Linien)

HAMBURGO

Servicio regular de vapores correios a os portos do BRASIL, MONTEVIDEO e BOS AIRES

PROISIMAS SAIDAS DA CRUÑA

GENERAL BELGRANO 12 de Septiembre

Ademitindo carga e pasaxeiros de cámara, terceira especial e terceira ordinaria.

Precio do pasaxe en terceira crás..... 422'60

Idem en camarotes pechados 442'60

(Incruidos todol-os impostos)

Os pasaxeiros deben solicitar as prazas co'a maior anticipación, presentándose n'esta Axencia CINCO DIAS antes da saída do vapor.

Para informes dirixirse ao Axente da Compañía: *Roxelio Fernández Conde*.—Feijóo, 4, baixo.—A Cruña.



Sud-Atlántica

Chargeurs Reunis

PROXIMAS SAIDAS

Para os portos do Brasil, Montevideo e Buenos Aires dos modernísimos trasatlánticos rápidos de 16.000 toneladas de desplazamento, 10.000 cabalos de forza e dous hélices,

Precios en terceira crase (incluídos impostos)

1 Septiembre	GROIX	Ptas. 412,60
10 Septiembre	MEDUANA	Ptas. 412,60
15 Septiembre	CEYLAN	Ptas. 412,60
29 Septiembre	FORMOSE	Ptas. 412,60
8 Octubre	MOSELLA	Ptas. 412,60
13 Octubre	AURIGNY	Ptas. 412,60
27 Octubre	DESIRADE	Ptas. 412,60

Precios en primeira crase a Buenos Aires: 1.150 ptas.

En segunda crase a Buenos Aires: 888 ptas.

(Suxetos as variacións do cambio e sin impostos.)

TERCEIRA PREFERENCIA—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e café cuberto, independentes. Precio n-esta clase: é o corriente de terceira mais un suplemento de 125 ptas.

TERCEIRA EN CAMAROTE—En camarotes de 2, 4 y 6 camas, con comedores, salós de conversación e cántinas: o precio de 442'60 ptas. incluídol-os impostos.

Remitiránse fotografías d'estas istalacións a quen as pida.

Facilitarán toda crás de informes os seus Axentes xenerás en Hespaña: ANTONIO CONDE, FILLOS.—Plaza de Orense, 2-A.—Telegramas y telefonemas *Chargeurs*.

Lloyd Real Holandés

AMSTERDAM

SERVICIO POSTAL RAPIDO A AMERICA DO SUR

Próximas saídas da CRUÑA para *Pernambuco, Bahía, Río Xaneiro, Santos, Montevideo e Bos Aires*.

Precio en terceira cras
(incruídos impostos)

Correo rápido	Flandria	1.º Septiembre	435 ptas.
Correo rápido	Gelria	22 Septiembre	435 ptas.
Correo rápido	Orania	6 Octubre	435 ptas.
Correo rápido	Zeelandia	20 Octubre	435 ptas.

Ademiten carga e pasaxeiros de 1.ª, 2.ª, intermedia e 3.ª crás. O vapor «Zeelandia» somentes ademite carga e pasaxeiros de 1.ª, intermedia e 3.ª crás.

Todos estos vapores teñen a disposición dos pasaxeiros que viaxan en terceira crás corrente, amplios comedores fixos, magníficos fumadores, cubertas resguardadas, cuartos de baño, duchas, etc., levando para servizo dos mesmos Camareiros, Enfermeiros e Cocifeiros hespáñoles.

Nenos menores de 2 anos, gratis; de 2 a 10, medio pasaxe; maores de 10, pasaxe enteiro. Para cumprimentar as disposicións arxentinas é indispensable que todo pasaxeiro presente a documentación con CINCO DIAS de anticipación á data de saída do vapor.

Para precios de cámara e prazas disponibles o Agente general da Compañía en Hespaña: D. RAIMUNDO MOLINA E COUCEIRO, Consignatario, Representante xeneral da Compañía en Hespaña.—Marina, 22.—A Cruña.

Sobriños de José Pastor

BANQUEIROS

Casa fundada en 1776

A Cruña, Vigo, Lugó e Orense

Almacés de ferros, aceiros, metás, ferramentas e toda crás de ferretería

Fernández, Torres y C.ª

Casa central: A CRUNA

Linares Rivas, núm. 12

SUCURSAL: Cantón Pequeno, 9 e 10

Teléfonos... { Urbano 75 e 78
Interurbano 49

VIGO

Urzáiz, número 1 Teléfono 253